

O labor de control do Goberno realizado polos socialistas permite descubrir que Fomento tamén ten sen executar preto do 40% do orzamento para supresión dos pasos a nivel lucenses

Por este motivo, consideran que a Ministra está a demostrar pola vía dos feitos que “é a alumna de Rajoy que peores resultados consegue na provincia á hora de garantir a seguridade dos viandantes”. Esta mesma semana, confirmábase que en conservación e mantemento das infraestruturas esta porcentaxe se achega ao 60%

Na documentación remitida á deputada por Lugo no Congreso, o departamento estatal certifica oficialmente que dos máis de 6,2 millóns orzamentados para este ano, tan só investiu 4,1; polo que “estamos diante do Ministerio de Fomento máis ineficaz e peor xestor de toda a etapa democrática”, afirman

Trátase “dunha desvinculación de tal calibre que dista moito das previsións que manexaba o anterior equipo de Goberno”. Concretamente, o Partido Socialista encamiñara o proxecto para a supresión de 16 pasos a nivel na provincia; “cuestión que, lamentablemente, quedou bloqueada no momento que o Ministerio decidiu paralizar as obras da variante de Pobra de San Xillao

Santín, Herraiz, Ricardo Varela e Pablo Rivera demandan en Láncara á administración do Estado “que cumpra o que plasma no papel” e “que dea marcha atrás nas previsións do vindeiro ano”. A mesma partida que nos Orzamentos de 2014 tiña unha proxección para 2015 que superaba os 10,6 millóns, nas contas que nestes momentos están en trámite, esta é igual a cero

A POBRA DE SAN XILLO (LÁNCARA), 5 DE DECEMBRO DE 2014.- O secretario Provincial – Juan Carlos González Santín-, a deputada no Congreso –Margarita Pérez Herraiz-, o senador por Lugo –Ricardo Varela-, acompañados do coordinador comarcal– Pablo Rivera-, denunciaron este venres “que a Ministra de Fomento está a demostrar pola vía dos feitos que é a alumna de Rajoy que peores resultados consegue na provincia á hora de garantir a seguridade dos viandantes”. Así se desprende, novamente, noutra resposta emitida por este departamento á pregunta formulada recentemente pola deputada no Congreso sobre o grado de execución do orzamento destinado polo Goberno á supresión dos pasos a nivel na provincia.

E é que, malia estar a piques de rematar o ano, o Executivo aínda ten pendente de executar case o 40% da partida aprobada para este exercicio. Concretamente, na documentación remitida, Fomento confirma oficialmente que dos máis de 6,2 millóns de euros orzamentados para Lugo, tan só executou 4,1 millóns, é dicir, un 66%. Ante tales datos, e logo de examinar “a curta resposta facilitada”, os socialistas recoñecen “non saír do seu asomo” e aseguran que “estamos diante do Ministerio de Fomento máis ineficaz e peor xestor de toda a etapa democrática”. “Non só borrarón a Lugo do mapa da Alta Velocidade, ao suspender o contrato da Intermodal, senón que na mesma semana descubrimos, grazas ao traballo da nosa compañeira no Congreso, que en conservación e mantemento non executan o 60% e na seguridade ferroviaria máis do mesmo”, subliñou González Santín.

Supresión de vías en 15 concellos

Os socialistas elixiron o paso a nivel da localidade lancaresa de Pobra de San Xillao para informar do escaso grado de compromiso do Goberno nesta materia, porque, ademais, de ser un

dos máis perigosos da provincia, tal e como quedou demostrado algo máis dun ano, cando un rapaz veciño da localidade morreu atropelado, é unha das vías que o Goberno pretendía suprimir na provincia para garantir así a seguridade dos cidadáns, ao tempo que se contribuíría a reducir o risco de accidentes por esta causa.

Trátase, pois, “dunha desvinculación de tal calibre que dista moito das previsións que manexaba o anterior equipo de Goberno”. Concretamente, lembrou Margarita Pérez Herraiz, o Partido Socialista encamiñara o proxecto para a supresión de 16 pasos a nivel na provincia; “cuestión que, lamentablemente, quedou bloqueada cando o Ministerio decidíu paralizar as obras da variante de Pobra de San Xillao, e que permitiría a eliminación destas vías, pertencentes ás liñas Monforte-Vigo e Palencia-A Coruña. Deste xeito, os cruces que se suprimirían están situados en 15 concellos. Son os seguintes: Monforte, Sober, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil, Pobra de Brollón, Bóveda, Sarria, Láncara, O Páramo, O Corgo, Lugo, Rábade, Begonte e Guitiriz.

“En 2004, cando chegamos ao Goberno había 144 e, a finais de 2009, 92. Ademais, nese ano, Fomento elaborou unha planificación que suprimía 73 dos 92. Pero, a realidade é que en 2013 aínda existen 87”, destacou a deputada.

Petición dos socialistas

Por este motivo, e ante o escaso grado de cumprimento de Fomento neste materia, os distintos cargos do PSOE demandaron á administración do Estado, primeiro, “que cumpra o que plasma no papel, xa que a non execución repercute na seguridade e, polo tanto, na actividade de todo tipo”, e en segundo lugar, “que dea marcha atrás nas previsións que manexa para o vindeiro ano”. E é que o compromiso do Goberno para 2015 neste eido, especificou Ricardo Varela, “asusta e moito”, pois a mesma partida que nos Orzamentos de 2014 tiña unha proxección para a próxima anualidade que superaba os 10,6 millóns de euros, nas contas que nestes momentos en trámite, esta é igual a cero.

“O galimatías” da Variante

Neste senso, criticaron “o galimatías” das obras da variante do AVE, pois aínda que teñen características de Alta Velocidade, estanse a facer cunha partida de supresión de pasos a nivel, que está integrada no “Plan de Seguridade en Pasos a Nivel” e no PEIT (Plan Estratéxico de Infraestruturas Terrestres); un Plan, este último, que tan só indica {....*se continuarán con las actuaciones sobre los pasos a nivel, eliminando aquellos que presenten mayor índice de peligrosidad, con el objetivo de incrementar la seguridad de la red convencional. Las actuaciones comprenderán non sólo la supresión de los pasos o automatización, sino la implantación de señales acústicas y luminosas y el mantenimiento y la mejora de las instalaciones de protección....*}.

“É dicir, isto demostra que abandonaron a intención de avanzar nestes pasos. O único que están facendo é a variante que, á súa vez, se vende como proba da continuidade da Alta Velocidade, cando tan só é iso, unha variante, e que se reanudou, malia estar parada un longo período de tempo, debido ao trágico suceso acontecido a finais de 2013”, concluíu Herraiz.